

RUBÉN MARÍN:

¿unha futura figura?

Rubén Marín, un esquerdo nato, xoga nos cadetes do Vilagarcía S.D que milita na 1ª división Grupo II. Na actualidade é un dos fixos na selección galega SUB-15 de Pontevedra. Tamén o podemos ver en acción no campionato de fútbol do instituto onde xoga co equipo dos Saltamontes

MOI PERSOAL

Nome: Rubén Marín Mollinedo

Data de nac: 21-08-89

Lugar: Rubiáns

Colexios: CEP de Rubiáns e IES Cotarelo

Estudia: 2º ESO

Equipo favorito: Real Madrid

Un xogador: Ronaldo, Zidane...

Un deportista: Iván Raña.

Unha comida: os spaghetti.

Unha bebida: o kas de laranxa.

Un grupo musical: Andy e Lucas.

Unha película : Como Dios.

Unha lectura: os cómic de Mortadelo e Filemón.

Nun principio xogaba de interior esquerdo pero agora xogo de dianteiro centro.

- Co Vilagarcía ¿Cantas veces adestras?

Temos tres sesións á semana, normalmente son o martes, xoves e venres. Cada sesión consta dunha parte física onde predominan os exercicios de salto, fondos e carreira, e unha parte táctica na que ensaiamos os movementos non campo.

- ¿Cal é a túa xogada favorita?

É o desmarque co balón en longo, como as que fai Ronaldo.

- ¿Cando empezaches a xogar ao fútbol?

Xa dende moi pequeno xogaba ao fútbol pero de forma seria comecei ós 11 anos cando fichei polo Vilagarcía S.D, club non que aínda milito. Esta afección xa me ben de familia porque o meu pai, Manuel, xa foi xogador aínda que todos o coñecían por "Marín".

- ¿A ti tamén che chaman Marín?

Non, só me chaman Marín aquí no Cotarelo, fora chámanme "Rubi".

Só me chaman Marín aquí no Cotarelo, fora chámanme "Rubi"

- ¿En que posto xogas habitualmente?



Rubén posando, no patio do instituto, despois dun partido

Gústame moito ver a TV, sobre todo os programas deportivos e os Simpsons.

RUBÉN MARÍN: ¿unha futura figura?

*Actualmente
levo 18 goles.
Na tempada
pasada
marquei 65*

- ¿Cantos goles levas marcados esta tempada?

Actualmente levo 18 goles. Na tempada pasada marquei 65. Lembro que a vez que máis goles metín foron 6, concretamente nun partido que xogábase contra o Catoira non campo de As Lombas.

- ¿Cantas veces fuches concentrado coa selección galega?

Adestramentos levo cinco e partidos xoguei dous, concretamente contra o Pontecaldelas a quen lle gañamos por 5 a 0, eu marquei ou primeiro, e tamén xogamos contra o Cambados nesta ocasión empatamos a uns. En ámbolos dous partidos xoguei de titular.

- ¿Como son os adestramentos coa selección galega?

Son moi duros, os adestradores, Chicho e Cesar son moi rigorosos e con

moita disciplina. A min persoalmente no que máis me incide é en que teña mobilidade, que busque espazos.

- ¿Que é ou que máis e o que menos che gusta do fútbol?

O que máis me gusta é a sensación que se sente despois de marcar un gol. O que menos (pensa durante uns segundos) é baixar a defender.

- ¿Que acostumas a facer non fin de semana cando non xogas?

Normalmente vou cos amigos a dar unha volta por Vilagarcía e tamén vou co meu pai a ver moitos partidos de fútbol, de fútbol sala, de veteranos...

- ¿Que outras afeccións tes?

Gústame moito ver a TV, sobre todo os programas deportivos e os Simpsons. Tamén me gustan os videoxogos da PlayStation.

- Deixando un pouco a parte o fútbol, ¿A que che gustaría dedicarte de maior?

Gustaríame ser futbolista profesional, se iso non o conseguise gustaríame ser profesor.

Coa selección Galega levo cinco adestramentos. Partidos xoguei dous: contra o Pontecaldelas e contra o Cambados.

- ¿Que tal che vai no instituto?

¡Ben! Este curso estou máis a gusto porque o ano pasado non estiven moi a gusto.

- Da actualidade de hoxe en día ¿Preocúpache algo?

¡Si! hai moitas cousas, pero sobre todo o que está acontecendo en Irak.

- ¿Que lle pides ós Reis Magos?

Pídlle roupa e unhas botas de fútbol